

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 12 de novembro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e dez minutos do día doce de novembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1275).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(1276).- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA DESIGNACIÓN DE NOVO REPRESENTANTE MUNICIPAL NO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO. EXPTE. 54/112.

Dáse conta da proposta do alcalde-presidente, de data 11.11.2015, de designación de representante no Consello Social da Universidade de Vigo, que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 20/07/2015, por proposta desta Alcaldía-Presidencia do 20/07/2015, acordou, entre outros, designar á

concelleira-delegada da área de Educación, D^a Olga Alonso Suárez, como representante do Concello de Vigo no CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

Examinada novamente a estrutura organizativa do Concello, esta Alcaldía ve conveniente designar, no canto da antedita concelleira-delegada, a D. XULIO CALVIÑO RODRÍGUEZ, como representante do Concello no CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE VIGO; polo que, ao abeiro do sinalado no art. 127 m, da Lei, 7/1985, reguladora das bases do réxime local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta.

Primeiro.- Deixar sen efecto o apartado oitavo do acordo da Xunta de Goberno Local, sesión extraordinaria e urxente do 20/07/2015, de nomeamento da concelleira-delegada da Área de Educación, D^a Olga Alonso Suárez. como representante do Concello de Vigo no Consello Social da Universidade de Vigo.

Segundo.- Designar a D. XULIO CALVIÑO RODRÍGUEZ, representante do Concello de Vigo no CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo á concelleira-delegada de Educación, a D. Xulio Calviño Rodríguez e ao Consello Social da Universidade de Vigo.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 09 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno."

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta.

3(1277).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA FASE II DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA DO ESTADIO DE BALAÍDOS. EXPTE. 3392/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 11.11.15, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 11 de novembro de 2015 acordou:

3.- Proposta de Clasificación.

a) *Procedemento aberto para a contratación das obras da Fase II da grada de Tribuna e cuberta do Estadio de Balaídos. (expediente 3392-440).*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Dar conta a Xunta de Goberno da exclusións acordadas pola Mesa de contratación celebrada o 14 de outubro de 2015 dos licitadores UTE FERROVIAL-CASTRO e a CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. por incluír no sobre B datos relativos a criterios avaliábeis mediante fórmula.odos licitadores seguintes:

Segundo: Considerar ofertas con valores anormais ou desproporcionados, e polo tanto excluir do procedemento as presentadas polos seguintes licitadores.:

UTE C D INDEPO SLU-AVAN INTEGRAL S L- HIDROMIÑO S L
CIVIS GLOBAL SLU

UTE MANTEN S L-ALDESA CONSTRUCCIONES S A

UTE CNES OREGA SL-XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS S L
COPCISA S A

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación das obras da Fase II da grada de Tribuna e cuberta do Estadio de Balaídos. (expediente 3392-440)." no seguinte orde decrecente:

	<i>Empresas licitadoras</i>	<i>Puntos totais</i>
1	S A DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	91,72
2	UTE DRAGADOS S A-ORECO S A	87,75
3	UTE ACCIONA INFRAESTRUCTURAS S A – CONSTRUCCIONES RAMIREZ SLU	85,87
4	UTE IZMAR SLU-OGMIOS PROYECTO S L-UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU	84,20
5	OBRASCON HUARTE LAIN, S A	80,62
6	VIAS Y CONSTRUCCIONES, S A	74,69

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, S.A., de Obras y Servicios COPASA., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 688,16 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.